

LETRAS GALEGAS '06

Placa conmemorativa da fundación das Irmandades da Fala na cidade de A Coruña (1916).

A xeira histórica de Lugrís

XOSÉ A. LÓPEZ TEIXEIRA

Manuel Lugrís Freire (1862-1940) pertence a esa estirpe de ilustres eruditos e polígrafos da Galiza de entre séculos que souberon compaxinar, con acerto e paixón de seu, o compromiso político coa actividade literaria, ao servizo da cultura e das xentes deste país. Nacionalista comprometido, atravesou certamente todas as etapas do galeguismo histórico, desde o protonacionalismo dos Precusores até o nacionalismo das Irmandades da Fala e o Partido Galeguista. Sitúase, xa que logo, despois dos grandes autores do XIX e ao seu abeiro. Mantivo unha relación senlleira con Curros Enríquez na Habana e con Eduardo Pondal e Manuel Murguía e máis tamén co resto dos seus coevos da *Cova Celta* e do grupo Nós, xa vivindo na Coruña.

Aos vinte anos, como outros tantos, emigrou a Cuba, onde permaneceu até 1896, traballando como contable. E alí, desde a súa militancia protonacionalista, participou de vez en todos os proxectos de ensigo cultural, sendo pioneiro do xornalismo en lingua galega. De volta a terra, axiña entrou a formar parte da Liga Gallega. Desde a tribuna da *Revista Gallega*, órgano oficial da Liga, amosouse moi crítico co pensamento tradicionalista de Brañas. De feito, perante as dúas correntes do Rexionalismo, Lugrís decántase pola liderada por Murguía. A súa presenza na *Cova Celta* vén confirmar esa especial ligazón cos xornales murguianos e co pensamento progresista e liberal por el representados. Por esta xeira, asiste á conversión de antigos proxectos en vizosas realidades. Así, a inauguración do monumento aos Mártires de Carral e/ou a fundación da Academia Galega, en 1906, á que seguiu vinculado de por vida e chegou a presidir na década dos anos trinta.

Desaparecida a Liga, que chegara a presidir en 1906, Lugrís comezou un novo proxecto político a mediados de 1907, Solidaridad Gallega. O seu obxectivo era conseguir penetrar no pechado sistema político da Restauración, a través da consecución de representación parlamentaria. Os seus postulados son nidamente galeguistas, anticaciquís e anticentralistas. Orador brillante, *A Nosa Terra*, o voceiro de Solidaridad, recolleu o texto do primeiro mitin político pronunciado na nosa lingua, un discurso de Lugrís en Betanzos o día 6 de outubro de 1907.

Non deixou de acudir á chamada de Villar Ponte, e na rúa Rego de Auga da Coruña, participou o 18 de maio de 1916 na creación das Irmandades da Fala e, xa que logo, no paso do Rexionalismo ao Nacionalismo. Máximo expoñente do galeguismo anterior, Lugrís foi o encargado de abrir o acto. Desde aquela data, a súa incorporación á vida política configura unha constante; non faltaron as súas colaboracións coa refundada *A Nosa Terra*,




Tempo de Irmandades

dirixida agora por Antón Villar Ponte. Na década dos vinte, Manuel Lugrís chegou á idade madura convertido de vez nunha figura de referencia nacionalista. Mais, a actividade política decaeu por mor da ditadura de Primo de Rivera, propiciando o

éxito momentáneo das chamadas “teses culturalistas”, auspiciadas por Vicente Risco. Nesa mesma década publica a *Gramática do idioma galego* (1922) e ve recoñecido o labor a prol da lingua e da cultura nosa, coa entrada no Seminario de Estudos Galegos.

Desaparecida a ditadura, ingresa no Partido Galeguista en 1931. O 1 de novembro dese ano publicaba un artigo en *A Nosa Terra*, onde felicita a Cataluña pola autonomía acadada e pide a unión de todos os galegos para crear unha organización nacionalista forte. Esta petición foi atendida, e o propio Lugrís Freire púxose a traballar na promoción da Federación Republicana Gallega e participou aínda na redacción dos estatutos do Partido Galeguista. De seguido, os deputados nacionalistas —os que se viñeron unir a eles— (Otero Pedrayo, Castelao, Villar Ponte e Suárez Picallo, este último substituíra nas listas



TRABALLOU, A PESAR DA SÚA IDADE, NO ANTEPROXECTO DO PRIMEIRO ESTATUTO DE AUTONOMÍA DE GALIZA

a Lugrís Freire) botaron a andar o proceso para a consecución do primeiro Estatuto de Autonomía para Galiza. Na comisión encargada da redacción dese primeiro anteproxecto de Estatuto traballou Lugrís man a man con Alexandre Bóveda, entre outros, durante 1932. E tamén participou —na medida das súas forzas, toda vez que a saúde e a mais avanzada idade non lle permitiron ir máis lonxe— no proceso que levou á aprobación do Estatuto de Autonomía de 1936, singularmente á carón de Castelao.

LETRAS GALEGAS '06

Cara ao Estatuto

A xeira histórica de Lugo

 XOSÉ A. LÓPEZ TEIXEIRA

Desde o século XIX, Galiza asiste á conformación dunha conciencia política de seu na cal poden apre-zarse dúas etapas ben delimitadas: a pro-tonacionalista –habitualmente, denomi-nada Rexionalismo–, que se espalla até 1916, e a nacionalista propiamente dita, que comeza nesa mesma altura coa crea-ción das Irmandades da Fala. Sobre esta base ergueuse, pois, o galeguismo, se ben que na delonga xeira da Restaura-ción (1874-1923) este movemento con-forma uns obxetivos de certo ben tépe-dos. Así, até 1900, ano da morte de Bra-ñas, temos dúas liñas: a liberal-demo-crática de Murguía e a conservadora do propio Brañas. Por iniciativa de Murguía creouse a Liga Gallega (1897) e Solidari-dad Gallega (1907), formando estru-turas de vida ben efémera. O núcleo de máis relevo foi o coruñés, agrupado á carón da *Cova Céltica*. A figura literaria alí era a de Eduardo Pondal, e as teses

que triunfaban eran as de Manuel Mur-guía, para quen os galegos non só non teñen unha historia de seu, senón que o celtismo era o factor determinante da súa nacionalidade.

O salto político –o Nacionalismo– produciuse coa fusión do republicanis-mo e do galeguismo cultural e político das Irmandades da Fala. Mais, en 1923 o

nacionalismo parte en dúas ponlas. A Ir-mandade da Coruña, a máis numerosa, que segue a “liña política” e o resto das agrupacións, lideradas por Risco e alcu-madas de “culturalistas”, baixo as siglas da I.N.G. A ditadura de Primo de Rivera puxo fin, na práctica, aos enfrontamen-tos entre as dúas tendencias.

Dúas perspectivas que de novo abro-llarán durante os anos da IIª República (1931-1936), e xa no seo do Partido Ga-leguista. O momento clave será a conco-rrencia, en coalición coa Frente Popular, ás eleccións de febreiro de 1936. O triunfo da Frente Popular determinou a escisión da Dereita Galegusita, con Vi-cente Risco á cabeza. Non obstante, PG e DG participarían conxuntamente na campaña pro-Estatuto. Os tráxicos acontecementos de xullo de 1936 puxe-ron fin ao soño de Lugo. Pero a semen-te estaba botada.

A TRABE DE OURO

PUBLICACIÓN GALEGA DE PENSAMENTO CRÍTICO

1990-2006

A TRABE DE OURO naceu no ano 1990 coa intención de «ser a canle de todas as correntes de pensamento que tenten pensar de novo Galicia e todas as cousas do mundo», segundo declaraba no seu día X. L. Méndez Ferrín, director d'*A Trabe de Ouro*. 17 anos dedicados ás distintas formas de expresión do pensamento, con ensaios e análises teóricas que abranguen unha chea de disciplinas, dende a filosofía e o pensamento político á historia e a economía, sempre coa intención de lograr un discurso crítico que integre tanto as achegas do propio país coma as de correntes de pensamento foráneas.

gotelo blanco

A TRABE DE OURO

PUBLICACIÓN GALEGA DE PENSAMENTO CRÍTICO

17 anos

LXV TOMOS / ANOS 1990-2006
Trimestral

DIRECTOR

X. L. Méndez Ferrín

SECRETARÍA DE REDACCIÓN

Berta López Fernández

Reservados todos os dereitos

CONSELLEIRO DE REDACCIÓN

Miguel A. Solís / Francisco Sampedro

Antón Piñeiro / Manuel González Prieto

Isabel Varela / Margarita Lillo-Aranda

Paco Martín / Daniel Xosé Calvo

A. M. García Crego / Manuel Domínguez

S. M. Salgado / A. Antón L. Dubois

F. Vial / M. Vázquez / Carlos García Sánchez

DESIGNO GRÁFICO

Francisco Méndez

EDITAR

Gotelo Blanco Blanco

EDITA

GOPELO BLANCO EDICIONES, S. L.

San Marcos 72

15000 Santiago de Compostela

Publicación: 361 882 06 20 / 31 / Fax: 361 88 12 06

www.soteloblancosediciones.com

gotelo blanco

www.soteloblancosediciones.com